

Violencia de xénero

Guía informativa para mulleres en situación de
violencia de xénero



Información para profesionais do SERGAS

Violencia de xénero

Guía informativa para mulleres en situación de
violencia de xénero

XUNTA DE GALICIA
Servizo Galego de Saúde
Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais e
Condicións de traballo
Santiago de Compostela, 2014

Título: Violencia de xénero. Guía informativa para mulleres en
situación de violencia de xénero

Edita: Servizo Galego de Saúde
Dirección Xeral de Recursos Humanos
Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais e
Condicións de Traballo

Ano: 2014

Se queres facernos chegar algunha suxestión sobre esta guía ou propoñer a elaboración dunha nova sobre calquera cuestión podes facelo neste enderezo de correo:

recursos.humanos@sergas.es

"A violencia contra a muller impide o logro dos obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz. A violencia contra a muller viola e menoscaba ou impide o goce dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais".

Plataforma de Acción de Beijing

ÍNDICE	PÁXINA
INTRODUCCIÓN	1
QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?	2
ONDE PODO ACUDIR?	3-6
QUEN É VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO?	7
COMO ACREDITO A MIÑA SITUACIÓN?	8
CALES SON OS MEUS DEREITOS ECONÓMICOS?	9-10
CALES SON OS MEUS DEREITOS LABORAIS?	11-12
TRAMITACIÓN DA MOBILIDADE XEOGRÁFICA POR VIOLENCIA	13-14
OUTROS DEREITOS DE INTERESE	15-16
+ INFORMACIÓN	17-18
+ LIGAZÓNS DE INTERESE	19-20

INTRODUCCIÓN

Poñemos á túa disposición esta guía coa información necesaria sobre que facer en caso de seres vítima ou de coñeceres un caso de violencia de xénero, así como sobre os recursos e axudas existentes na nosa Comunidade Autónoma.

Trátase, por tanto, dunha ferramenta informativa práctica en relación ás distintas posibilidades que a normativa vixente pon ao teu alcance para poderes exercer os teus dereitos, tanto a nivel persoal como cara ao maltratador.

Así mesmo, poñémonos á túa disposición para calquera dúbida que che poida xurdir ao respecto.

Esperamos que esta guía che sirva de axuda e a aproveitamos para agradecerche de antemán calquera suxestión encamiñada á melloralá.

Dirección Xeral de Recursos Humanos

Data : Marzo 2014
Versión 1/2014

QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?

Trátase dunha violencia que se dirixe contra as mulleres polo feito mesmo de selo.

"Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, que causa ou é susceptible de causar ás mulleres, dano ou sufrimento físico, psíquico e sexual e inclúe as ameazas de tales actos e a restrición ou privación arbitraria da liberdade, tanto na vida pública como privada".

**Declaración da eliminación da Violencia contra a Muller.
Nacións Unidas 1993**

Esta violencia prodúcese en todos os países, culturas, clases sociais e niveis culturais, e pode ser de tipo:

- Físico: actos que impliquen o uso deliberado da forza (labazadas, empurróns, golpes, feridas , etc.) e que che provoquen, ou poidan provocar, unha lesión, dano ou dor no teu corpo.
- Psicológico: conduta intencionada e prolongada no tempo que atenta contra a túa integridade psíquica e emocional e contra a túa dignidade (insultos, vexacións, ameazas contra ti ou contra os teus seres queridos, control das túas saídas, control económico, etc.).
- Sexual: imposición dun comportamento sexual contra a túa vontade (agresións, abusos ou acoso de tipo sexual).
- Social: limitación dos teus contactos sociais, afastándote da túa familia e amizades, illándote da túa contorna, obrigándote ou impedíndote practicar a túa relixión, etc.

ONDE PODO ACUDIR?

Centros de Información da Muller (CIM)

Son centros informativos situados en todos os concellos grandes de Galicia. Pretenden garantir un servizo de atención proporcionándoches asesoramento xurídico e psicolóxico e informando de actividades vinculadas.

No caso de que non haxa un CIM sempre haberá un **Punto de Información á Muller (PIM)** onde se che informará do CIM máis próximo.

Máis información en:
<http://igualdade.xunta.es/e/recursos/centros-de-informacion-as-mulleres>

Centro de emerxencia para mulleres vítimas da violencia de xénero

É un Centro da Rede Galega de Acollemento que ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estadía ás mulleres (e persoas dependentes delas), que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos, e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis adecuado.

Máis información en:
<http://igualdade.xunta.es/node/741>

Servizo xurídico on-line

Servizo de información e asesoramento complementario da atención que se presta a través da rede de CIM. Ofrece resposta a consultas sobre lexislación, violencia de xénero, conciliación, dereito de familia, agresións ou acoso sexual, entre outras, asegurando a confidencialidade.

Máis información en:
<http://igualdade.xunta.es/e/content/asesoramento-juridico-line>

Teléfono da muller

Servizo de atención gratuíta, anónima e profesional, que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano e non queda rexistrado na factura.

- Para Galicia: **900 400 273**
- Ámbito estatal: **016** (Con discapacidade auditiva: **900 116 016**)

Máis información en:
<http://igualdade.xunta.es/es/content/telefono-de-a-muller>
<http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciagenero/recursos/telefono016/home.htm>

Equipos Muller- Menor (EMUME)

Equipos de atención e Investigación da Policía Xudicial da Garda Civil especializados en feitos delituosos en que se atopen implicadas mulleres e menores.

Máis información en:
<http://www.guardiacivil.es/es/servicios/violenciadegeneroyabusoa-menores/index.html>

+ ONDE ACUDIR

Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero (ATENPRO)

Ofrece ás mulleres que sofren esta violencia unha atención inmediata, ante as eventualidades que lles poidan sobrevivir, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal for o lugar en que se atopen.

Baséase na utilización de tecnoloxías de comunicación telefónica móbil e de telelocalización. Permite que vítimas de violencia de xénero poidan entrar en contacto en calquera momento cun centro atendido por persoal especificamente preparado para dar unha resposta adecuada, mesmo ante situacións de emerxencia.

Poden solicitar o servizo as mulleres que cumpran os seguintes requisitos:

- Non convivir co/s maltratador/es.
- Participar nos programas existentes no seu territorio autonómico de atención especializada para mulleres en situación de violencia de xénero.

Máis información en:

- Servizos Sociais do seu Concello
- Teléfonos: **902 22 22 92** e **96 369 50 37**
- Información Entidades Locais: atenpro@femp.es
- Información Ministerio: atenpro-sessi@msssi.es
- [Protocolo de actuación do servizo telefónico de atención e protección para vítimas da violencia de xénero \(ATENPRO\)](#)

Atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero

Na Comunidade Autónoma de Galicia ponse á disposición das mulleres que sofren violencia de xénero, así como das/os menores e outras persoas delas dependentes, unha rede de profesionais da psicoloxía, con formación específica, que realizan a intervención idónea en cada caso. O seu acceso é **gratuito e anónimo as 24 horas**.

Máis información en:

- [Teléfono de Atención Psicolóxica](#) ás mulleres vítimas de violencia de xénero e doméstica. Tfno. **629 777 595**
- [Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia](#): Rúa da Espiñeira 10-baixo; 15706 Santiago de Compostela. Tfno. **981 534 049**
- [Secretaría Xeral da Igualdade](#): San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela. Tfno. **981 545 660**

QUEN É VÍCTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO?

(Art. 1 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero)

Para os efectos da Lei orgánica 1/2004, é vítima de violencia de xénero a muller que é obxecto de calquera acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade, exercido sobre ela por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou de quen estea ou estivese ligado a ela por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.

Este tipo de violencia é a expresión máis grave da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

A Lei orgánica 1/2004 considera tamén vítimas os fillos e as fillas das mulleres e recoñécelles os dereitos establecidos nos artigos 5, 7, 14, 19.5, 61.2, 63, 65, 66 e na Disposición adicional 17ª.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, establéceo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

COMO ACREDITO A MIÑA SITUACIÓN?

(Arts. 23,26 e 27.3 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero)

As circunstancias que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos de mobilidade xeográfica de centro de traballo, excedencia e redución ou reordenación do tempo de traballo **acreditaranse coa orde de protección a favor da muller ou calquera resolución xudicial que constate ou incorpore indicios de estar a sufrir violencia de xénero.**

Excepcionalmente, admitirase o **informe do Ministerio Fiscal** relativo a eses particulares ata que se dite a orde de protección.

Con todo, para o recoñecemento dalgúns dereitos, a normativa específica regula cales son os medios para acreditar a situación de violencia de xénero.



“O empresariado, a representación sindical, os organismos competentes en materia de emprego e as entidades formadoras están obrigadas a gardar confidencialidade sobre as circunstancias persoais da muller que sufriu ou sofre violencia de xénero, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.”

(Art. 37 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

CALES SON OS MEUS DEREITOS ECONÓMICOS?

AXUDAS NO ÁMBITO DE GALICIA

A Xunta de Galicia convoca axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Hai dous tipos de axudas:

- Axuda económica de pago único e indemnizacións.
- Axudas económicas de carácter mensual.

Máis información en:

<http://igualdade.xunta.es/axudas/2>

AXUDAS A NIVEL ESTATAL

- **Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores**

*(Art. 28 da lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero;
RD 2066/2008, de 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012)*

- **Anticipos por falta de pagamento de pensións alimenticias**

(RD1618/2007, de 7 de decembro, sobre organización e funcionamento do fondo de garantía do pago de alimentos)

A través do Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos garántese o pagamento de alimentos recoñecidos e non pagos establecidos nun convenio xudicialmente aprobado ou nunha resolución xudicial en procesos de separación, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, filiación ou alimentos, mediante o aboamento dunha cantidade que terá a condición de anticipo.

Cando a muller que teña a garda e custodia dos menores (que é quen solicita e percibe o anticipo) sexa vítima de violencia de xénero, enténdese que existe unha situación de urxente necesidade para recoñecer os anticipos do Fondo, polo que se tramitará o procedemento de urxencia, que implica que o prazo para resolver e notificar a solicitude será de dous meses.

- **Dereito á escolarización inmediata**

(Art. 5 e disposición adicional decimo séptima da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero)

Os fillos e as fillas das mulleres en situación de violencia de xénero que se vexan afectados/as por un cambio de residencia derivada dos actos de violencia de xénero, teñen dereito á súa escolarización inmediata no seu novo lugar de residencia.

CALES SON OS MEUS DEREITOS LABORAIS?

(Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia; Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social)

- **Redución ou reordenación do tempo de traballo:** Tes dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución ou a reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que a Administración estableza.
- **Subscrición de convenio especial coa Seguridade Social** cando as empregadas públicas vítimas de violencia de xénero reducen a súa xornada con diminución proporcional da retribución.
- **Permiso por razón de violencia de xénero:** As faltas de asistencia, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda.
- **Excedencia por razón de violencia de xénero:** Tes dereito a solicitar a situación de excedencia durante 6 meses sen ter que prestar un tempo máximo de servizos previos e sen que sexa esixible un prazo de permanencia nela.

Durante os 6 primeiros meses tes dereito á reserva do posto de traballo que desempeñes, sendo computable o devandito período para efectos de antigüidade, carreira e dereitos do réxime de Seguridade Social correspondente. Cando as accións xudiciais o esixan, podes prorrogar este período por prazos de 3 meses, ata un máximo de 18, con idénticos efectos aos sinalados anteriormente.

Durante os 2 primeiros meses desta excedencia, percibirás as retribucións íntegras e, se é o caso, as prestacións familiares por filla ou fillo ao teu cargo.

- **Mobilidade xeográfica por razón de violencia de xénero:** cando te vexas obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viñas prestando servizos terás dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do teu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, sen que teña que ser unha vacante de necesaria cobertura. Aínda así, en tales supostos a Administración comunicarache as vacantes radicadas na mesma localidade ou localidades que expresamente solicites.



Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia de xénero protexerase a intimidade das mulleres nesta situación, en especial os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo o súa garda ou custodia.

TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA DA MOBILIDADE XEOGRÁFICA POR VIOLENCIA

O artigo 36 do *Decreto 206/2005, do 28 de xullo de 2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do SERGAS* regula a mobilidade por razón de violencia de xénero nos seguintes termos:

1. De conformidade co previsto na normativa de protección integral contra a violencia de xénero, a traballadora que solicite un cambio de localidade de destino -polas razóns e conforme o procedemento establecido na dita normativa- terá dereito preferente a acceder a outro posto, noutra localidade, de características análogas ou similares ás do posto desempeñado na localidade de orixe.
2. A resolución sobre cambio de localidade será ditada, cando cumpra, polo órgano dos servizos centrais do Sergas con competencias en materia de persoal.

A aplicación práctica desta medida de mobilidade formalizarase como “comisión de servizos”. Neste sentido priorizarase a mobilidade por razón de violencia de xénero para a cobertura das prazas desocupadas, limitada ás traballadoras que así o soliciten previa acreditación de tal situación de acordo coa normativa de protección integral contra a violencia de xénero.

Co fin de outorgarlle entidade propia e diferenciada respecto da tramitación xeral das comisións de servizos existe un procedemento específico para estes casos.

Para descargar o procedemento e o modelo de solicitude pulsa en:

.....

Por tanto, para facer efectiva a túa protección ou dereito á asistencia social integral poderás solicitar unha COMISIÓN DE SERVICIOS concretando a institución ou institucións ás cales pretendas trasladarte no caso de que te vexas obrigada a cambiar o teu lugar de residencia como medida de protección.

A solicitude deberás presentala ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, que será o único interlocutor dentro da organización.

Durante o tempo que dure a comisión terás dereito á reserva da túa praza ou posto de traballo de orixe.



Para resolver calquera dúbida que teñas respecto das tramitacións administrativas necesarias para poder exercer os teus dereitos laborais podes poñerte en contacto coa **Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (telf.: 881 542 800) ou co Servizo de RRHH do teu centro.**

OUTROS DEREITOS DE INTERESE

Dereito á atención sanitaria e psicolóxica preferente no Servizo Galego de Saúde

(Arts. 24 e 25 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Dereito a formular denuncia

A través da denuncia das situacións de violencia de xénero sufridas poñerás en coñecemento das autoridades correspondentes a comisión dun feito que pode ser constitutivo dunha infracción penal, é dicir, dunha conduta que o Código Penal define como delito ou falta, establecendo un castigo ou pena para quen a realiza.

Tras a presentación da denuncia e a súa remisión á autoridade xudicial, se esta entende que existen indicios de cometerse un feito delituoso, iniciará as correspondentes actuacións penais.

Dereito a solicitar unha orde de protección

A orde de protección é unha resolución xudicial ditada nos casos en que, existindo indicios fundados da comisión dun delito ou falta, se aprecia a existencia dunha situación obxectiva de risco para a vítima que require a adopción de medidas de protección durante a tramitación do proceso penal.

Para descargar o modelo do formulario de solicitude pulsa en:
[MODELO DE SOLICITUDE DE ORDE DE PROTECCIÓN](#)

Como medidas de protección a favor da muller en situación de violencia de xénero e, se é o caso, dos seus fillos e fillas, establecidas neste documento pode acordarse, entre outras, algunha das seguintes:

1. Desaloxo do agresor do domicilio familiar.
2. Prohibición de residir en determinada poboación.
3. Prohibición de que o agresor se aproxime á vítima e/ou aos seus achegados á distancia que se determine.
4. Prohibición de que o agresor se comunique coa vítima e/ou cos seus achegados.
5. Prohibición ao agresor de achegarse a determinados lugares: centro de traballo da muller, centros escolares dos fillos e fillas, etc.
6. Omisión de datos relativos ao domicilio da muller.
7. O uso e goce da vivenda, o mobiliario e o enxoval familiar.
8. A garda e custodia dos fillos e fillas menores.
9. A suspensión do exercicio da patria potestade
10. A suspensión do réxime de comunicacións, visitas e estancias do pai cos/as fillos/as ou a forma en que este se debe levar a cabo, por exemplo, a través dun punto de encontro.
11. A fixación dunha prestación de alimentos.
12. Calquera outra medida que sexa necesaria para apartar os menores dun perigo ou evitarlles prexuízos.

+ INFORMACIÓN

Tamén podes obter máis información en:

- Organismos de Igualdade das comunidades autónomas,
- Centros de atención á muller autonómicos e locais, oficinas de atención ás vítimas do delito nas sedes dos xulgados,
- Servizos de orientación xurídica dos colexios de avogados

Web de recursos de apoio e prevención ante casos de violencia de xénero (WRAP),

A WRAP constitúe un servizo integrado na páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade que permite a localización sobre mapas activos dos distintos recursos (policiais, xudiciais e de información, atención e asesoramento) que as administracións públicas e as entidades sociais puxeron á disposición da cidadanía e das vítimas de violencia de xénero.

Para acceder á WRAP pulsa en:

<http://wrap.seigualdad.gob.es/recursos/search/searchform.action>

Guía de recursos para mulleres que sofren violencia

Nesta guía os recursos están agrupados comarcalmente co fin de que unha muller poida saber onde dirixirse con inmediatez para recibir o asesoramento e a atención necesarios.

Para acceder á Guía pulsa en: [Guía de recursos para mulleres que sofren violencia de xénero](#)

Guía dos dereitos das mulleres vítimas de violencia

A efectividade dos dereitos e o pleno exercicio deles non é posible se os seus titulares descoñecen a súa existencia ou de que forma exercelos. Esta necesidade faise aínda máis patente para as mulleres que sofren de violencia de xénero, para quen é esencial coñecer as medidas que poden adoptarse en relación coa súa protección e seguridade, os dereitos e axudas que lles reconece a lei e os recursos de atención, emerxencia, apoio e recuperación integral a que poden acceder.

Para acceder á Guía pulsa en: [Guía dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero 2012](#)

Preguntas frecuentes en materia de violencia de xénero

Na páxina do Instituto da Muller recóllense as respostas a dúbidas frecuentes relacionadas coa violencia cara ás mulleres.

Para acceder ás respostas pulsa en: [Preguntas e respostas](#)

+ LIGAZÓNS DE INTERESE

Protocolos de actuación para profesionais

- Ámbito xudicial
 - [Guía de criterios de actuación xudicial fronte á violencia de xénero](#)
 - [Protocolo de actuación e coordinación de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e avogados ante a violencia de xénero regulada na Lei orgánica 1/2004.](#)
 - [Protocolo médico-forense de valoración urxente do risco de violencia de xénero](#)
- Ámbito de seguridade
 - [Protocolo de actuación do sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas e penas de afastamento en materia de violencia de xénero.](#)
- Ámbito sanitario
 - [Protocolo común para a actuación sanitaria](#) ante a violencia de xénero no Sistema Nacional de Saúde.
 - [Guía Técnica do Proceso de Atención ás Mulleres en Situación de Violencia de Xénero](#) (Galicia)
- Ministerio Fiscal
 - [Circular nº 6/2011,](#) sobre criterios para a unidade de actuación especializada do Ministerio Fiscal en relación á violencia sobre a muller.
 - [Circular nº 4/2005,](#) relativa a criterios de aplicación da Lei Integral, da Fiscalía Xeral do Estado.

Información en materia de violencia de xénero. Servizos Sociais e Igualdade. Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade

<http://www.msssi.gob.es/ssi/violenciagenero/home.htm>

Información en materia de violencia de xénero. Secretaría Xeral de Igualdade. Xunta de Galicia

<http://igualdade.xunta.es/gl/area-de-violencia-de-xenero>

Libros contra a violencia de xénero

<http://www.msps.es/ssi/violenciagenero/publicaciones/comic/docs/castellano.pdf>

http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/folleto_libros.pdf